CORPORACIÓN
DE SERVIZOS
AUDIOVISUAIS
DE GALICIA

Resolución do 29 de outubro do 2026 da Comisión avaliadora do proceso de selección para un posto de persoal directivo profesional da estrutura directiva da entidade, pola que se fan públicas as puntuacións definitivas obtidas polas persoas aspirantes.

Unha vez rematado o prazo de alegacións concedido pola Resolución desta Comisión Avaliadora de data 22 de outubro, pola que se procedía á publicación das listaxes provisionais de puntuación, e de conformidade co establecido na base 5 das que rexen o proceso selectivo convocado pola Resolución da Directora Xeral da CSAG do 2 de outubro de 2026 esta Comisión RESOLVE:

Primeiro.- Publicar as puntuacións definitivas do proceso de selección para un posto de persoal directivo profesional da estrutura orgánica da entidade, que figuran como Anexo I.

Segundo.- Vistas as puntuacións acadadas, e considerada a idoneidade da candidatura, esta Comisión de Valoración propón a Borja García Calvo (***3227**) para a cobertura do posto de Xefatura de Servizo de Produción de Informativos.

Terceiro.- Contra a presente resolución as persoas aspirantes poderán presentar recurso de alzada ante a Dirección Xeral da Corporación, no prazo dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da presente resolución na páxina web da CSAG, consonte co establecido nos artigos 112, 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

San Marcos, 29 de outubro do 2026

Rosa María Vilas Núñez

Presidenta da Comisión de Selección



CORPORACIÓN
DE SERVIZOS
AUDIOVISUAIS
DE GALICIA

Anexo I

Puntuacións definitivas das persoas aspirantes

(sobre 100 puntos)

Xefatura de Servizo de Produción Informativos

Nome	DNI	Puntuación Definitiva
Jacobo Pérez-Lirón Martínez	***8849**	**65**
Laura Pita Otero	***8165**	**52**
Borja García Calvo	***3227**	**70**